

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 18 DE XANEIRO DO 2010.**

**Asistentes:**  
**Alcalde-Presidente:**  
D. Jose Demetrio Salgueiro Rapa  
**Vocais:**  
D. José Manuel González Alvarez  
D<sup>a</sup> Ana Maria Abad López  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Dolores Meitín Guerreiro  
**Secretario:**  
D. Luís M<sup>a</sup> Fernández del Olmo.  
**Interventora:**  
D<sup>a</sup> Elena Santos Rey

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dezasete horas do día dezaioito de xaneiro do ano dous mil dez, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, coa asistencia dos Sres. concelleiros á marxe relacionados, do Secretario, D. Luís María Fernández del Olmo e da Interventora D<sup>a</sup> Elena Santos Rey, procedeuse a celebrar a sesión ordinaria correspondente a este día, previa convocatoria ó efecto e en primeira convocatoria. Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde declarouse aberta a sesión.

**A) APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR.**

De seguido, polo Sr. Alcalde, pregúntase ós asistentes si teñen algunha observación que formular á acta da sesión anterior de 28 de decembro de 2009.

Non formulándose ningunha reclamación, queda aprobada por unanimidade.

**B) LICENCIAS DE OBRA E APERTURA**

**B.1) SOLICITUDE DE D<sup>a</sup> JOSEFA PALEO BALSA RELATIVO A CONSTRUCCION DUN MURO DE CIERRE.**

Vista solicitude formulada por D. Josefa Paleo Balsa con D.N.I nº: 33.706.852-F con domicilio en Lieiro, 21 (27891 Cervo), para realización de obras de construción dun muro de cierre en c/ Agramonte-Grupo Escolar y Acceso al Campo de Fútbol.-Xove.-

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que de acordo coa documentación que se achega, asinada polo solicitante, as obras que se pretenden, sitúanse dentro da área delimitada como solo urbano, de acordo coa vixente Normativa urbanística do Concello de Xove. 2º.-Na sesión plenaria do día nove do mes de xunio aprobouse inicialmente ó P.X.O.M, e acordouse a suspensión do outorgamento de licenzas, polo prazo de dous anos, na totalidade do término municipal nos termos e condicións sinaladas no Art.77 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, e no Art.120 do Real Decreto 2159/1978, de 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Planeamento. Tendo en conta que non existe discrepancia entre a Normativa urbanística aplicable prevista, tanto en las NN.SS como en el P.X.O.M aprobado inicialmente, toda vez que o muro que se pretende, ubicase en ámbolos dous casos dentro de Solo de Núcleo urbano, pódese outorgar a licenza que se solicita. Condicións do muro de acordo con Artigo 42.1.C.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impóñense as condicións seguintes:

- O muro que se pretende non poderá superar os 1,50 metros.
- Construírse en cachotaría concertada, ou bloque de formigón branco revestido e pintado. En calquera dos casos deberá realizarse cos materiais tradicionais do medio no que se localiza.
- Este muro non deberá impactar negativamente no ámbito en que se sitúa.

- As obras que se solicitan, respetarán as aliñacións e sinalizacións correspondentes as cales deberán especificarse por parte dos servizos técnicos municipais.
  - Previo ao inicio das obras, por parte dos servizos técnicos municipais, levantarase a correspondente acta de reformulo, sen a cal non terá validez a licenza.
- 2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.
- 3º) Valórase o presuposto da obra en 1.000,00€.-salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 20,00€.-
- 4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 3 meses., e 1 ano para a súa finalización.
- 5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

**B.2) SOLICITUDE DE D<sup>a</sup> MARIA REMEDIOS MIGUEZ DIAZ RELATIVO A CAMBIO DE CANALON EN VEIGA-RIGUEIRA Nº 29.-XOVE.**

Vista solicitude formulada por D. María Remedios Míguez Díaz con D.N.I nº: 33.993.023-N con domicilio en Veiga, 27 (27879 Rigueira), para realización de obras de arranxo de cuberta: cambio de canalon en Veiga, 29 Rigueira. Expediente: 57/10

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que as obras que se pretenden realizar, de acordo coa documentación presentada, subscriba pola interesada, sitúase dentro do zona delimitada como Solo non urbanizable de Núcleo Rural. Artigo 103. -Capítulo III. - Normas Subsidiarias do Concello de Xove. San Vicente.-Xove Artigo 24 da Lei 9/2002 do 30 de decembro de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004 do 29 de decembro. Na sesión plenaria do día nove do mes de xunio do 2008, aprobouse inicialmente ó P.X.O.M, e acordouse a suspensión do outorgamento de licenzas, polo prazo de dous anos, na totalidade do termino municipal nos termos e condicións sinaladas no Artigo. 77 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, e no art.120 do Real Decreto 2159/1978, de 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Planeamento. Tendo en conta que as obras que se pretenden non inciden nos parámetros urbanísticos aplicables a parcela en que se ubica a edificación na que se pretende arranxar a cuberta, co cambio de canalón que se pretende, pódese conceder a licenza que se solicita.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impóñense as condicións seguintes:

- Respetarase ó primitivo deseño e tipoloxía da edificación e ámbito, adaptándose na súa totalidade estas obras de reparación ao previsto no Artigo 29 da lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da lei 9/2002 de protección do medio rural de Galicia, no relativo ás condicións de edificación.
- Durante a execución dos traballos, tomáranse por parte da contrata, as pertinentes medidas de seguridade tanto da execución das obras, como vial, debendo a empresa construtora dispoñer do obrigado seguro de responsabilidade civil.
- Previo ao inicio das obras solicítase a presenza dos servizos técnicos municipais, ao obxecto de comprobar o estado do reformulo actual da edificación así como o estado

orixinario da edificación, e poder constatar o seu estado definitivo unha vez finalizados os traballos para os que se solicita a licenza de reparación, e a súa adaptación á Lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002 de protección do medio rural de Galicia.

- De acordo co anterior, infórmase favorablemente a licenza que se solicita.
- A edificación que se pretende cubrir, de acordo co solicitude que se achega, adaptarase á tipoloxía do ámbito.
- As obras que se pretenden, polo súa condición de obras de reparación, nin supoñerán aumento de volume nin afectarán a elementos estruturais da edificación.

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 100,00€.- salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 2,00€.-

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses , e 3 anos para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

### **B.3) SOLICITUDE DE D. JOSE PITA BEN, RELATIVO A ARREGLO INTERIOR DE VIVENDA EN SAN CRISTOVO Nº 3 –PORTOCELO.**

Vista solicitude formulada por D. José Pita Ben con D.N.I nº: 33.705.503-S con domicilio en San Cristovo, 3 (27877 Portocelo), para realización de obras de arranxo interior de vivenda (ampliación de cuarto de baño e dormitorio) en San Cristovo, 3 (Portocelo) .

Expediente: 22/10

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que:

- 1º.-De acordo coa documentación que se achega, asinada pola solicitante, as obras que se pretenden, sitúanse dentro da área delimitada como Solo non Urbanizable de Núcleo Rural, de acordo coa vixente normativa urbanística do Concello de Xove. Artigo 24 da Lei 15/2004 do 9 de decembro, de modificación da Lei 9/2002 do 30 de decembro, de LOUPMRG. Núcleo rural de San Cristovo.
- 2º.-Na sesión plenaria do día nove do mes de xunio do 2008, aprobouse inicialmente ó P.X.O.M, e acordouse a suspensión do outorgamento de licenzas, polo prazo de dous anos, na totalidade do termino municipal nos termos e condicións sinaladas no art.77 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, e no art.120 do Real Decreto 2159/1978, de 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Planeamento.
- Tendo en conta que non existe discrepancia entre a Normativa urbanística aplicable prevista, tanto en las NN.SS como en el P.X.O.M aprobado inicialmente, toda vez que a edificación que se pretende remozar, ubícase en ámbolos dous casos dentro de Solo de Núcleo rural, pódese outorgar a licenza que se solicita:**Ampliación de baño e dormitorio.**

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impóñense as condicións seguintes:

- As instalacións necesarias para a realización destes traballos, nos espazos exteriores, deberán estar perfectamente valladas, na zona de arcén, coas sinalizacións obrigatorias, así como a disposición correspondente de luces de sinalización en horas nocturnas, pola súa situación en plena zona urbana.
- As instalacións auxiliares e a propia obra, dispoñerá do correspondente Seguro de Responsabilidade civil.
- O ámbito da edificación, polo posible depósito de entullos deberá quedar perfectamente limpo.
- Deberanse satisfacer as taxas correspondentes por ocupación da vía pública, durante o tempo de permanencia das devanditas instalacións
- Respetarase o primitivo deseño e tipoloxía da edificación e ámbito, adaptándose na súa totalidade estas obras de remozamento, ao solicitado.
- Así mesmo, ditas obras non poderán incidir negativamente nin variar as condicións de habitabilidade do edificio, de acordo co vixente Regulamento.
- Durante a execución dos traballos, tomáranse por parte da contrata, as pertinentes medidas de seguridade, tanto da execución das obras, como vial.

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 3.400,00€.- salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 68,00€.-

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses , e 3 anos para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

#### **B.4) SOLICITUDE DE D. JOSE ANGEL NIETO PENA RELATIVO A MOVEMENTO DE TERRAS EN NUCLEO DE.-RIGUEIRA.-XOVE.**

Vista solicitude formulada por D. José Angel Nieto Pena con D.N.I nº: 33.997.497R con domicilio en San Vicente, 2 (27879 Rigueira), para realización de obras de movemento de terras (5.000M/3. ) en Rigueira.-Xove. Polígono 49 Parcelas Nº 174. Referencia Catastral:27025A049001740000JQ. Expediente: 04/10

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que :

- 1º.-De acordo coa documentación achegada polo solicitante, as obras que se pretenden, sitúanse parte delas dentro da área delimitada como Solo Non urbanizable de Núcleo rural, de acordo coa vixente Normativa urbanística do Concello de Xove; adscrita á vixente Lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002 do 30 de decembro de Protección do medio rural de Galicia.
- 2º.-Por parte de estes servizos técnicos pódese otorgar licenza de movemento de terras, única e exclusivamente licenza para aquela parte dos terreos que se ubiquen en Suelo de Núcleo Rural, e nas condicións establecidas no Artigo 28.d da Lei 9/2002, no senso de que non se poderá permitir aqueles movementos de terras que supoñan unha agresión ao medio natural ou que varien a morfloxía do paisaxe do lugar.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impoñense as condicións seguintes:

- Este movemento de terras adaptarase por completo ao volume solicitado de 5.000 m<sup>3</sup>.
- Acompañaase documentación catastral a escala 1/2000 coa delimitación da área delimitada como de Núcleo rural, quedando claramente definida a zona que dispoñerá de licenza directa.
- No suposto que os traballos a realizar afectasen a zona que se encontra en Solo Rústico deberase solicitar a pertinente autorización autonómica, toda vez que de acordo co Artigo 35.3 da vixente Lei do Solo de Galicia, con carácter xeral quedan prohibidos aqueles movementos de terra que alteren a topografía natural dos terreos rústicos, salvo nos casos expresamente autorizados por esta Lei.
- Durante a realización dos traballos, deberá estar perfectamente valado o ámbito das obras, coas sinalizacións correspondentes, así como a disposición correspondente de luces de sinalización en horas nocturnas.
- As obras dispoñerán do correspondente Seguro de Responsabilidade civil.
- El ámbito da zona de traballo e acceso a este dende viais municipais deberá estar perfectamente limpo.
- A saída de camións a viais públicos deberá estar perfectamente sinalizado así como perfectamente limpa esa área de circulación, tanto durante a execución dos traballos como ao finalizalos.
- No suposto de que se quixese traballar na área das parcelas ubicadas en solo Rústico, deberase aportar documentación e valoración das obras de acordo co Artigo 41.2.a.
- 9-1.-Anteproxecto redactado por técnico competente, con un contido no que se reflexe como mínimo a documentación gráfica, fotográfica e escrita que sea suficiente para conocer as características esenciais de la localización y do seu contorno nun radio mínimo de 500 metros.
- 9-2.-Titularidade dos terreos e a superficie dos mesmos.
- 9-3.O uso solicitado e as obras necesarias para a súa execución, conservación e servizo.
- 9-4 As súas repercusións territoriais e ambientais, e aquelas que sexan necesarias para xustificar o cumprimento das condicións establecidas nesta Lei.
- 10.-Infórmase favorablemente o movemento de terraza que se solicita, dentro da área delimitada como solo de Núcleo Rural.

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 600,00€.-salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 12,00€.

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses e 1 ano para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

**B.5) SOLICITUDE DE D<sup>a</sup> AMALIA PALEO RIVEIRA RELATIVO A CONSTRUCCIÓN DUN GALPÓN PARA GARDAR O TRACTOR EN VILARIÑO-MONTE.**

Vista solicitude formulada por D. Amalia Paleo Riveira con D.N.I nº: 33.997.387-Y con domicilio en Avda. Diputación, 67 2º C (27870 Xove), para realización de obras de construción dun galpón para gardar o tractor en Vilariño.-Monte.-Xove Polígono Nº54 Parcela Nº 432. Expediente: 03/10.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que de acordo coa documentación que se achega, as obras que se pretenden, sitúanse dentro da área delimitada como Solo Non Urbanizable común. Artigo 104. de acordo coa vixente normativa urbanística do Concello de Xove. Solo Rústico de Protección Ordinaria Artigo 32.1, de acordo coa Lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002 do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impóñense as condicións seguintes:

- As obras que se pretenden, no que á súa construción se refire e aos materiais a empregar, adaptaranse en todo ao previsto nos artigos 33 e 34 da lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da lei 9/2002, e no que ás condicións de edificación se refire, poderase edificar de acordo co previsto no artigo 44.2, desta Lei.
- Edificación resultante, inferior a 25 m/2.
- Altura máxima da edificación..... 3,50 metros.-
- Bloque de formigón branco ou pintado.
- Cuberta de lousa.
- Carpintaría exterior de aluminio ou madeira.
- Os retranqueos das construcións aos lindes da parcela, haberán de garantir a condición de illamento, e en ningún caso poderán ser inferiores a 5 metros.
- Asemade deberase dispoñer de vial de acceso á parcela en que se pretende encravar a edificación.
- Respetarase no deseño da edificación, a tipoloxía do ámbito, adaptándose na súa totalidade estas obras ao previsto no artigo 42 da Lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002, de Protección do medio rural de Galicia, no relativo ás condicións de edificación.
- O uso da edificación adaptase exclusivamente ao solicitado.
- Durante a execución dos traballos, tomásense por parte da contrata, as pertinentes medidas de seguridade tanto da execución das obras, como vial.
- Previo ao inicio das obras solicitátese a presenza dos servizos técnicos municipais, ao obxecto de levantar a correspondente Acta de reformulo.
- No suposto de que o vial que da fronte a parcela, dependa doutra Administración, débese solicitar o permiso pertinente.

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 1.000,00€. salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 20,00€.-

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses e 3 anos para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

**B.6) SOLICITUDE DE D. MANUEL CANOURA FERNÁNDEZ PARA A CONSTRUCCIÓN DUNHA EDIFICACIÓN AUXILIAR COMO USO DE ALMACÉN EN VEIGA Nº4.- A RIGUEIRA.-XOVE.-**

Vista solicitude formulada por D. Manuel Canoura Fernández con D.N.I nº: 76.536.439-Y con domicilio en Veiga Nº4.- A Rigueira.-Xove, para realización de obras de Construción dunha edificación auxiliar como uso de almacén en Veiga Nº 4.- Rigueira.-Xove.

Expediente: 4566/09.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que de acordo coa documentación que se achega, asinada pola solicitante, e o proxecto polo arquitecto D.Manuel Prieto Martínez, as obras que se pretenden, sitúanse dentro da área delimitada como Solo Non Urbanizable De Núcleo Rural, de acordo coa vixente normativa urbanística do Concello de Xove. Artigo 24 da Lei 15/2004 do 9 de Decembro, de modificación da Lei 9/2002 do 30 de decembro, de LOUPMRG. Núcleo rural de A Rigueira.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impóñense as condicións seguintes:

- Na sesión plenaria do día nove do mes de xunio do 2008, aprobouse inicialmente ó P.X.O.M, e acordouse a suspensión do outorgamento de licenzas, polo prazo de dous anos, na totalidade do termino municipal nos termos e condicións sinaladas no art.77 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, e no Art.120 do Real Decreto 2159/1978, de 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Planeamento.
- Tendo en conta que as obras que se solicitan, non inciden nas condicións urbanísticas aplicables a parcela en que se ubica a edificación, pódese outorgar a licenza que se solicita, sempre e cando a mesma se ataña por completo ao solicitado e cos condicionantes que se especifican no presente informe. Construción de edificación auxiliar para gardar aperos de labranza.
- As obras que se pretenden, no que á súa construción se refire e aos materiais a empregar, adaptaranse en todo ao previsto nos artigos 33 e 34 da Lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da lei 9/2002, e no que ás condicións de edificación se refire, poderase edificar de acordo co previsto no artigo 44.2 desta Lei.
- Na memoria do proxecto presentado, no seu apartado 6.3.condicións de edificación, xustificase o cumprimento da Normativa para a edificación que se pretende levar a cabo.
- Condicións de edificación:
  - Bloque de formigón branco ou pintado.
  - Cuberta de lousa.
  - Carpintería exterior de aluminio ou madeira.
  - Os retranqueos das construcións aos lindes da parcela, haberán de garantir a condición de illamento, e en ningún caso poderán ser inferiores a 3 metros.
  - Asemade deberase dispoñer de vial de acceso á parcela en que se pretende encravar a edificación.

- Respetarase no deseño da edificación, a tipoloxía do ámbito, adaptándose na súa totalidade estas obras ao previsto no artigo 42 da Lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002, de Protección do medio rural de Galicia, no relativo ás condicións de edificación.
- Durante a execución dos traballos, tomáranse por parte da contrata, as pertinentes medidas de seguridade tanto da execución das obras, como vial.
- Previo ao inicio das obras solicitávese a presenza dos servizos técnicos municipais, ao obxecto de levantar a correspondente Acta de reformulo.

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 5.258,94€.- salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 105,18€.-

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses, e 3 anos. para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

**B.7) SOLICITUDE DE BARRAS ELECTRICAS GALAICO-ASTURIANAS, S.A RELATIVO A CANALIZACIÓNS ELÉCTRICAS PARA SUMINISTRO NA URBANIZACIÓN PALMEIRO. (SUMINISTRO A COGAMI).**

Vista solicitude formulada por Barras Eléctricas Galaico-Asturianas, S.A CIF A-33001983, representada por D. Andrés Lema Martínez. DNI-52.458.722-T con domicilio en Avda. De Ferrol, 5 Entrlo. (27850 Viveiro), para realización de obras de Canalizacións eléctricas para Suministro na Urbanización Palmeiro.-Manzana O.-Xove. Edificio en construción promovido por COGAMI. Expediente: 41/10.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que de acordo coa documentación que se aporta, o trazado previsto e a Parcela en que se ubicará o edificio en construción, o que se lle vai suministrar dita enerxía, encóntrase ubicado dentro de Solo urbán da Urbanización Palmeiro, manzana O, de acordo coa vixente Normativa municipal do Concello de Xove. Artigo 98 das Normas Subsidiarias. Ordenanza 7ª.-Solo urbán residencial. O proxecto presentado, está asinado polo Inxeniero Técnico Industrial Don Juan Carlos Vázquez Gómez.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impóñense as condicións seguintes:

- A área municipal afectada por estes traballos, se executarán no que a obra civil se refire de acordo co as obrigadas prescricións dos servizos técnicos municipais.
- Unha vez executados os traballos previstos, na súa totalidade, a área municipal afectada, quedará en perfecto estado de conservación e uso.
- Co obxecto de poder garantir o perfecto estado das propiedades municipais afectadas por estes traballos deberase constituír aval bancario por o valo dos traballos de reposición de ditas zonas. 400,00m/l a 20€ m/l.....8.000,00€



- De acordo co exposto anteriormente, informase favorablemente as obras que se solicitan, nas condicións establecidas no proxecto que se aporta.
- 2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.
- 3º) Valórase o presuposto da obra en 3.765,54€-salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 75,31€-
- 4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses e 3 anos para a súa finalización.
- 5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

### **C) CONTAS E FACTURAS**

#### **C.1) AXUDAS DE CUSTO DA ALCALDÍA CORRESPONDENTES Ó MES DE DECEMBRO DE 2010.**

Por tres votos a favor e coa abstención do interesado, procédese á aprobación das axudas de custo da Alcaldía, correspondentes ó mes de decembro de 2010 por importe de 274,94€.

### **D) OUTROS ASUNTOS DE GOBERNO MUNICIPAL**

#### **D.1.- PROPOSTA DE OBRAS E SERVICIOS PARA A SÚA INCLUSIÓN NO FONDO ESTATAL PARA O EMPLEO E A SOSTENIBILIDADE LOCAL REGULADO POLO RDL 13/2009, DO 26 DE OCTUBRO.-**

VISTO o RDL 13/2009, de 26 de outubro, polo que se crea o Fondo Estatal para o Emprego e a Sostenibilidade Local; que no seu art. 1 regula o obxecto e nos arts. 2 e 9 as obras financiadas, xunto cos seus artigos correlativos da Resolución de 2 de novembro de 2009.

VISTO o art. 3 do RDL 13/2009, de 26 de outubro que establece os criterios de reparto do Fondo Estatal para o Emprego e a Sostenibilidade Local, en relación coa tabla feita pública polo Ministerio de Política Territorial a través da páxina [www.mpt.es](http://www.mpt.es), ó Concello de Xove lle corresponde unha financiación máxima por importe de 384.321'00 €.

VISTA a Resolución de 2 de novembro de 2009, da Secretaria do Estado de Cooperación Territorial, pola que se aproba o modelo para a presentación de solicitudes e as condicións para a tramitación dos recursos librados con cargo ó Fondo Estatal para o Emprego e a Sostenibilidade Local.

VISTO todo o anterior a Xunta de Goberno Local, adopta por unanimidade dos seus membros o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Solicitar, cos requisitos establecidos no RDL 13/2009, de 26 de outubro e a Resolución de 2 de novembro de 2009, a inclusión no Fondo Estatal para o Emprego e a Sostenibilidade Local, das seguintes obras e servizos:

1.- “ Proxecto de obra de mellora na eficiencia da rede de abastecemento de auga potable en diversos núcleos das Parroquias de Portocelo, Lago y Xuances “ cuxo importe ascende a 214.661' 47 €, I.V.E. (16%) incluído.

2.- “ Proxecto de obra de centralización, Gestión e Reducción do gasto energético no Alumbrado Público da Urbanización Palmeiro ( Xove ) “ cuxo importe ascende a 149. 224’97 €, I.V.E. (16%) incluído.

3.- “ Proxecto de servizo de implantación e posta en funcionamento dunha ferramenta destinada á modernización administrativa no Concello de Xove, en cumprimento do mandato establecido pola Lei 11/2007, de 22 de xuño “ cuxo importe ascende a 20.434’56 €, I.V.E. (16%) incluído.

SEGUNDO. Facultar ó Sr. Alcalde e ó Sr. Secretario para que presenten as correspondentes solicitudes nos termos e coas condicións establecidas no Artigo 12.2 do RDL 13/2009, de 26 de outubro, en relación co Apartado Segundo da Resolución de 2 de novembro de 2009».

**D.2) ACORDO DE APROBACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA PARA USO DOMÉSTICO.**

Vistas as solicitudes formuladas polos propietarios das vivendas, e visto o informe favorable do Servizo de Augas no que sinala que a alta no Padrón de aboados será a partires do bimestre Xaneiro/ Febreiro 2010; por unanimidade en votación ordinaria, acordase:

1º) A aprobación da concesión da subministración de auga para uso doméstico para os beneficiarios e para os inmobles para o que se solicita o servizo que se sinalan de seguido, condicionándose á instalación de contador individual por parte dos solicitantes:

<b>Nome/Apelidos</b>	<b>Situación Contador</b>
Comunidade Propietario Edificio Mar Cantábrico. Portal 1	C/ Tomas Mariño Pardo, 1 (Xove)
Francisco José Flores Pastrana	C/ Tomas Mariño Pardo, 1 – Atico C (Xove)
Josefa Bermúdez González	C/ Tomas Mariño Pardo, 1 – 3º I (Xove)
José Luis García González	C/ Tomas Mariño Pardo, 1 – 1ºM Xove)
José Antonio Pena Casariego	C/ Tomas Mariño Pardo, 1 – 1ºL (Xove)
María Dolores Meitín Guerreiro	C/ Tomas Mariño Pardo, 1 – 3ºE (Xove)
Bernardo Rouco Galdo	C/ Tomas Mariño Pardo, 1 – 3ºD (Xove)
Ariadne Cortiñas Míguez	Avda. Diputación, 13 – 1ºB (Xove)
Ana Isabel López Soto	Avda. Diputación, 13 – 1ºD (Xove)

**D.3) CAMBIOS DE TITULARIDADE NO SUBMINISTRO DE AUGA POTABLE.**

Por Secretaría dáse conta das solicitudes de cambio de titularidade no subministro de auga que se relacionan de seguido:

<b>Nº referencia</b>	<b>Titular Actual</b>	<b>Novo Titular</b>
21800	Raul López Cruz	Dolores Soto Rivas
56600	Jose Gomez Díaz	Juan Jose García Díaz

Visto o informe favorable do Servizo de Augas do Concello, pola Xunta de Goberno Local por unanimidade en votación ordinaria, acorda autorizar os cambios de titularidade solicitados.

#### **D.4) ESCRITO DE OBRABIO, S.L, SOLICITANDO A BAIXA NO SERVIZO DE AUGAS E RECOLLIDA DE LIXO.**

Por Secretaría dáse conta do escrito de Obrabio, S.L con domicilio en As Laxes, 24 ( 27891 Cervo) no que solicita a baixa no servizo de augas e recollida de lixo do Concello, con nº de recibo : 126650.

Visto o informe do Fontaneiro Municipal, no que sinala que procede a devandita baixa e xurdirá efectos a partires do bimestre xaneiro/febreiro 2010.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

1º) Autoriza-la baixa solicitada.

2º) A notificación ó interesado así como ó Servizo de Augas do Concello, os efectos de baixa do devandito recibo.

#### **D.5) SOLICITUDE DE COCRES, S.L DE CONCESIÓN DE ENTRONCAMENTO DE AUGA PROVISIONAL PARA OBRAS EN CANELAS – PORTOCELO.**

Vista solicitude presentada por Cocres, S.L con CIF nº: B27184399 e con domicilio en C/ Ramón Canosa, 22 P5 (27850 Viveiro), para entroncamento de auga provisional para obra en Canelas - Portocelo, por parte desta Xunta de Goberno Local, previa deliberación, visto informe do fontaneiro municipal no que sinala que será necesario a construción dunha arqueta de claves, a canalización de 5 metros de tubaría de 25 en 10Atm. U.A. e a colocación de contador, e valorase a obra a realizar de acordo co vixente Acordo Regulador do prezo público pola prestación de servizos mediante persoal, maquinaria e outros medios municipais, en 269,92€ co seguinte desglose:

1 Arqueta con tapa de 40x40 .....	34,86€
1 Collarín de fundición .....	23,63€
1 Mamelón de latón .....	2,61€
4 Mano obra 1 oficial e 2 peóns .....	124,00€
5 Metros canalización .....	15,00€
1 Reducción de ¾ latón .....	2,23
1 Reducción de ¾ a ½ latón .....	0,73€
2 Terminal de 25 -3/4 jinten .....	7,82€
5 Metros de tubo de 25 en 10 Atm .....	8,53€
1 Válvula esférica 3/4.....	4,31€
1 Válvula esférica .....	8,98€
Subtotal: .....	232,69€
IVA 16%:.....	37,23€
<b>TOTAL .....</b>	<b>269,92€</b>

Por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A concesión do entroncamento solicitado por Cocres, S.L, para primeira acometida á rede municipal de auga no lugar de Canelas – Portocelo.

2º) O presente entroncamento outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva previo pago da taxa e gastos correspondentes, ó cal efecto se lle transmitirá a oportuna valoración polos servizos municipais, que realizarán o entroncamento, debendo efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación, debendo ser instalado o contador polos servizos municipais.

Sen máis asuntos que tratar, sendo as dezoito horas e dez minutos, polo Sr. Alcalde-Presidente, remátase a sesión, extendéndose a acta presente, de todo o que, como Secretario, dou fé.

Vº e PR  
**O ALCALDE,**

**O SECRETARIO,**

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo. Luís María Fernández del Olmo.